



**ÁLVARO VILA ARAUJO**, voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ao previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, da Regulación de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o Regulamento desta corporación presenta unha **MOCIÓN PARA A ACTIVACIÓN DUN PLAN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2023/2024**.

O pasado 11 de setembro, preto de 35.000 ourensáns deron comezo ao curso máis caro da historia para as familias. Nunha conxuntura de elevada inflación, situándose xa os gastos escolares medios do curso 2022-2023 en Galicia nos 1.287 euros, segundo a Organización de Consumidores e Usuarios (OCU), o desembolso mínimo en libros de texto sitúase en algo máis de 200 euros para un alumno de infantil e case que 400 euros para os estudantes de secundaria, ao cal hai que engadir a adquisición de licencias dixitais, material escolar, cotas da AMPA, excursións, actividades e outro tipo de gastos, en función dos diferentes centros educativos. Así as cousas, diante das actuais circunstancias caracterizadas por unha suba xeneralizada de prezos, o comezo do curso supón un duro golpe para as malparadas economías domésticas.

A situación devén aínda máis dramática se atendemos ao feito de que Ourense sitúase no vagón de cola do Estado español en canto a ingresos medios. Á luz dos datos vertidos pola Axencia Tributaria relativos ás declaracións do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas da Provincia, en 2022 un ourensán cobrou 1.500 euros brutos menos ao ano que a media de Galicia, non chegando os ingresos de case a metade dos contribuíntes aos 12.000 euros anuais e ganando máis dun 30% dos habitantes da provincia menos de 6.000 euros por exercicio. Cobran aquí nomeada relevancia algunhas das conclusións da edición para España do Informe Europeo de Pagamento de Consumidores elaborado pola consultora Intrum, destacando que un 76% dos fogares van ter que endebedarse a través de préstamos ou anticipos de tarxeta para adquirir os libros de texto e material escolar dos seus fillos, véndose ameazada a estabilidade dun número consecutivo de familias da nosa provincia.

Para o grupo provincial do PSdeG-PSOE, diante deste panorama a política de axudas do goberno da Xunta de Galicia é a todas luces insuficiente. Porén do triunfalismo amosado polo presidente Alfonso Rueda o pasado 1 de setembro, cando anunciou un incremento na contía das axudas e a ampliación da base de beneficiarios, estas non chegan ou non son suficientes para o groso de familias de clase media da nosa provincia. A modo de exemplo, a Xunta de Galicia, que di aumentar un 40% dos beneficiarios das súas axudas para material escolar, prevé achegas de entre 60 e 75 euros para familias con ingresos iguais ou inferiores a 10.000 euros anuais, evidenciando que estas axudas non se dirixen ás nosas clases medias, xa que no cómputo para 2022 a contía do Salario Mínimo Interprofesional, incluídas as pagas extraordinarias, foi superior aos 14.000 euros para traballadores con xornada legal completa.



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

Atendendo á particular conxuntura económica que atravesamos o país, o perfil socioeconómico das familias da provincia de Ourense, e a insuficiencia da política de axudas da Xunta de Galicia, non dirixidas en xeito ningún a paliar o esforzo pecuniario das clases medias da nosa provincia co gallo do inicio do curso escolar, alén da colaboración dalgún concello puntual da provincia; o Grupo Provincial Socialista require da Deputación de Ourense a activación dun plan de axudas para a adquisición de libros e material escolar dirixido ás familias do alumnado de calquera nivel educativo non universitario empadroadado en concellos ourensáns de menos de 20.000 habitantes para este mesmo curso escolar 2023/2024.

Polo exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Que a Deputación de Ourense poña en marcha un plan de axudas con vocación de permanencia para a adquisición de libros e material escolar dirixido ás familias do alumnado de calquera nivel educativo non universitario (infantil, primaria, secundaria e bacharelato) empadroadado en concellos ourensáns de menos de 20.000 habitantes para este mesmo curso escolar 2023/2024. Toda vez o curso actual xa está iniciado, as axudas pagaránse con efecto retroactivo.

**SEGUNDO.-** Que a contía destas achegas oscile entre os 100 e 250 euros sendo beneficiarias as unidades familiares con ingresos inferiores ao 3 do Indicador Público de Renda a Efectos Múltiples (IPREM). O IPREM en 2023 é de 8.400 euros anuais, co cal, se o multiplicamos por tres, a cifra é de 25.200 euros: se as unidades de convivencia non superan este monto son elixibles para solicitar a axuda.

En Ourense, a 15 de setembro de 2023.

Asinado: Álvaro Vila Araujo

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**